




| | | |
|---|-----------------------------|--|
| Area / Unidade TRIBUNAL PROCESO SELECTIVO 2021007 FRR/ab | Documento 23015I026N | |
| Código de verificación  6V1A 1W0U 2D0L 2J6O 0J1S | Expediente 108/2021/1147 | |
| | Data 29-12-2021 | |

TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE 121 PRAZAS DE ADMINISTRATIVA/O, POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (SUBGRUPO C1) DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA (C.E. 2/20).

O pasado 19 de decembro publicouse na páxina web do Concello da Coruña os resultados da corrección do primeiro exercicio da fase de oposición.

Concedeuse un prazo de 5 días hábiles para formular reclamacións.

Presentáronse en tempo e prazo un total de 22 reclamacións que afectan a 7 das preguntas.

A continuación se traslada do extracto da Acta na que se recollen as deliberacións do Tribunal fronte as reclamacións presentadas:

- "Pregunta 9:
 - o Alegación presentada por *****.
 - o Considera que a pregunta debe anularse xa que de acordo co tenor literal do artigo 70.4 da Lei 39/2015, "...no formará parte del expediente administrativo la información que tenga carácter auxiliar o de apoyo (...) salvo que se trate de **informes, preceptivos y facultativos**, solicitados antes de la resolución...". Entende que "...la redacción entre comas del inciso "preceptivos y facultativos" es ineludible para mantener el sentido del artículo, puesto que de esta forma la Ley se refiere a informes que sean tanto preceptivos como facultativos, mientras que el enunciado de la respuesta a), sin ambas comas, refiere a informes preceptivos y facultativos a la vez, lo cual no es posible y por eso lleva directamente al opositor a descartar la opción a) como respuesta válida".
 - o Analizada polo Tribunal, o Tribunal acorda por unanimidade **NON aceptar a alegación**. A interpretación realizada da literalidade do artigo polo recorrente non afecta ao sentido da resposta válida e posible.
A interpretación que fai o opositor sobre a falta dunha coma e polo tanto a necesaria coincidencia ou non da calidade simultánea "preceptiva e facultativa" dos informes, nin distorsiona a única resposta posible nin a converte en imposible, incerta ou falsa, xa que o artigo 70.4 é meridiano á hora de NON considerar como parte do expediente administrativo esa "información auxiliar o de apoyo" o que levaría a descartar as respostas b) e d), deixando como posibles a correcta, a resposta a), e inicialmente a c) xa que se inicia dicindo "No formará parte del expediente administrativo..." se ben o final da resposta c) a converte tamén en inválida ao dicir "...en ningún caso..." cando si podería darse o caso de que forme parte a dita información do expediente administrativo no suposto de que os ditos "informes, preceptivos y facultativos" ou "informes preceptivos y facultativos" (condición primeira) sexan solicitados "antes de la resolución administrativa que ponga fin al procedimiento" (condición segunda).

- Pregunta 14.
 - o Alegacións presentadas por ***** e *****.
 - o Os dous alegantes consideran que a resposta correcta é a b) e non a a).



- O Tribunal xa publicou o día 19 unha corrección de erros no que xa aparece como resposta correcta a letra b).
- Analizada polo Tribunal, o Tribunal acorda por unanimidade **NON aceptar as alegacións** porque non proceden ao estar reclamando unha corrección que xa se fixo de oficio.

- Pregunta 30.
 - Alegacións presentadas por ***** e *****.
 - Os dous alegantes consideran que a resposta correcta é a b) e non a c).
 - O Tribunal xa publicou o día 19 unha corrección de erros no que xa aparece como resposta correcta a letra c).
 - Analizada polo Tribunal, o Tribunal acorda por unanimidade **NON aceptar as alegacións** porque non proceden ao estar reclamando unha corrección que xa se fixo de oficio.

- Pregunta 37.
 - Alegación presentada por *****.
 - Considera que a pregunta “...no formaba parte de ningún título de los temas incluidos en las bases publicadas...”, entende que “...por el sólo hecho de estar incluido en el tema 13 facilitado por el Ayuntamiento, no debería formar parte del cuestionario de la prueba del concurso-oposición”.
 - Analizada a alegación polo Tribunal, considérase que se formulou incorrectamente a pregunta xa que versa sobre un asunto alleo ao temario recollido nas Bases.
 - O Tribunal **acorda por unanimidade aceptar a alegación** e anular a pregunta.
 - Substitúese pola pregunta de reserva nº 1.

- Pregunta 42.
 - Alegación presentada por *****, ***** e ***** (solicitan a anulación da pregunta), ***** (solicita se modifique a resposta correcta e que sexa a letra d), *****, ***** e ***** (solicitan se modifique a resposta correcta e que sexa a letra a).
 - Analizadas as alegacións polo Tribunal, acordase:
 - por unanimidade **NON aceptar** as alegacións que solicitan a anulación da pregunta ni as que consideran que se modifique a resposta e que sexa correcta a resposta a). La STC 103/2013, do 25 de abril, declara inconstitucional e nulo o inciso do artigo 126.2 obxecto da pregunta, eliminándoo do Ordenamento Xurídico, de xeito que a única resposta posible e a da letra d), xa que de acordo co artigo 126, non é posible nomear membros da Xunta de Goberno Local a quen non ostenten a condición de concelleiro/a.
 - por unanimidade **NON aceptar a alegación** do cambio da resposta correcta a letra d) porque non proceden ao estar reclamando unha corrección que xa se fixo de oficio

- Pregunta 53.
 - Alegacións presentadas por *****, *****, ***** e ***** (solicitan a anulación da pregunta).
 - Considera que a pregunta debe anularse xa que a súa redacción é incorrecta xa que fai referencia ao artigo 177 da Lei 2/2015 e a súa regulación a recolle o artigo 173 da Lei 2/2015.
 - Analizadas as alegacións polo Tribunal, acordase por unanimidade **NON aceptar** as alegacións que solicitan a anulación da pregunta xa que e como acertadamente xa afirma algún dos reclamantes, o erro da cita do artigo 177 no lugar do 173 non impide deducir o verdadeiro obxecto da pregunta, referida sen lugar a dúbidas á excedencia voluntaria por interés particular, xa que o tenor da pregunta e ben claro “...el personal funcionario **podrá solicitar el pase a la situación administrativa de excedencia voluntaria por interés particular siempre que tenga prestados como mínimo...**”. O artigo 177 alude a excedencia por razón de violencia de xénero, excedencia que non esixe ningún período previo de prestación de servizos para poder solicitala. Polo tanto ningunha das respostas sería



posible. Dedúcese que foi un erro material de transcripción do número do artigo que non afecta a validez da pregunta.

- Pregunta 54.
 - o Alegación presentada por *****.
 - o Considera que a resposta correcta é a b) e non a c).
 - o O Tribunal xa publicou o día 19 unha corrección de erros no que xa aparece como resposta correcta a letra c).
 - o Analizada polo Tribunal, o Tribunal acorda por unanimidade **NON aceptar a alegación** porque non proceden ao estar reclamando unha corrección que xa se fixo de oficio.”

A Coruña, a data da sinatura electrónica do presente documento.

O Secretario do Tribunal